

ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

CONDICIÓN DE USO DE ESPAZOS

1. A solicitude de uso das referidas salas por parte de entidades, asociación, colectivos ou persoas físicas para actividades como exposicións, proxeccións, representacións escénico/musicais, presentacións de libros, conferencias, coloquios ou outro tipo de actos ou actividades farase por escrito, remitindo á Área de Cultura da Deputación de Lugo a correspondente solicitude, a través do rexistro xeral da Deputación de Lugo. As citadas solicitudes acompañaranse dunha memoria do acto ou actividade a realizar.
2. A autorización estará sempre condicionada ás necesidades da programación propia da Área de Cultura da Deputación de Lugo, que terán preferencia.
3. No caso das Salas “Multiusos” e “Refeitorio” do MPL, a duración máxima das exposicións que se autorizará en ningún caso poderá superar as 2 semanas.
4. As notas de prensa e demais convocatorias aos medios de comunicación referidas ao acto ou actividade autorizado realizaranse desde o departamento de difusión do MPL e da Área de Cultura, sen prexuízo das que poidan realizar desde a entidade organizadora.
5. A Área de Cultura non editará nin distribuirá por correo ordinario invitacións nin folletos referidos ao acto ou actividade autorizado, aínda que si se compromete á difusión a través do seu *mailing* deste tipo de material sempre e cando estea dixitalizado e amose nun lugar visible o logotipo da Área de Cultura da Deputación de Lugo.
6. As e os solicitantes terán que cumprir as habituais normas de visita para usuarios e usuarios do MPL así como do CENTRAD, tendo especial coidado cos fondos museográficos expostos no desenvolvemento da actividade.
7. O material externo aportado para a actividade a realizar será responsabilidade da entidade ou persoa solicitante, facéndose, así, cargo do traslado, recollida, garda e custodia, posta en funcionamento ou calquera outra cuestión que poida xurdir derivada da organización do acto ou actividade.
8. A autorización outorgada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo non cubrirá outro uso diferente ao indicado na solicitude. Do mesmo xeito, a lingua vehicular que se empregará en todos os soportes publicitarios usados para a difusión da actividade, así como en todo o referente aos contidos expositivos será o galego.
9. O incumprimento destas condicións supón a nulidade da autorización, con independencia das responsabilidades nas que se poida incurrir.